



Teléf.: 981 714 000 Fax: 981 715 028  
Fax: 981 715 028  
[concello@ponteceso.gal](mailto:concello@ponteceso.gal)  
[www.ponteceso.gal](http://www.ponteceso.gal)  
CIF: P1506900H  
REL: 01150682  
RELG: MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

## ACTA DA COMISIÓN DE SELECCIÓN E CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL, CON CARÁCTER TEMPORAL, DE TÉCNICO/A DE TURISMO

Sendo as 10.10 horas do día 18 de xuño de 2021, no Salón de Plenos do Concello de Ponteceso, comparecen os membros do tribunal, nomeado na resolución da alcaldía núm. 350/2021 do 04-06-2021:

Presidenta: Dª. Lucía Mata Rodríguez, interventora do Concello de Ponteceso.  
Secretario: D. Fernando Naya Abeleira, administrativo de Admón. Xeral do Concello de Ponteceso.  
Vogais: D. Pablo Bouza Suárez, funcionario, xefe do Servizo de Cultura e Educación do Concello de Culleredo  
D. Emilio Caínzos Quintás, técnico de Admón. Xeral do Concello de Ponteceso.

Rematado o proceso selectivo, consonte á base IX, o tribunal acordou na reunión do 16-06-2021 o seguinte:

1º.- Declarar aptos ás seguintes aspirantes, ordeadas de xeito decrecente segundo as puntuacións obtidas por cada unha:

Nº	APELIDOS E NOME	PUNTUACIÓN
1	PARDIÑAS FERNÁNDEZ Mª NIEVES	24,65
2	CASAIS TRILLO Mª VANESSA	19,60
3	ALONSO RODRIGUEZ PAULA	19,20
4	MOURO BARREIRO MARLENE	12,75

2º.- Elevar á Alcaldía a proposta de bolsa de emprego de técnico/a de turismo, segundo a puntuación obtida, ordeada de xeito decrecente:

Nº	APELIDOS E NOME	PUNTUACIÓN
1	PARDIÑAS FERNÁNDEZ Mª NIEVES	24,65
2	CASAIS TRILLO Mª VANESSA	19,60
3	ALONSO RODRIGUEZ PAULA	19,20
4	MOURO BARREIRO MARLENE	12,75

3º.- Publicar o resultado do proceso selectivo na sede electrónica municipal e no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

Na data de 16-06-2021, rexistro de entrada núm. 202199900000901, Dª. Paula Alonso Rodríguez, presenta a revisión da puntuación outorgada na fase concurso, relativa a:



Teléf.: 981 714 000 Fax: 981 715 028  
Fax: 981 715 028  
[concello@ponteceso.gal](mailto:concello@ponteceso.gal)  
[www.ponteceso.gal](http://www.ponteceso.gal)  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

- Cursos de formación sobre materias relacionadas o posto de traballo: "Curso de Aptitude Pedagóxica (CAP)" de 150 horas, "Certificado galego de competencias dixitais en ofimática" e curso "Azafatas de congresos".

O primeiro dos cursos di que ten relación directa coa función de "visitas interpretadas a centros educativos, asociacións culturais e outros colectivos", o segundo que ten relación directa coa función indicada nas bases de "atención á oficina municipal de Corme, información, rexistro de datos e estatísticas, elaboración da memoria de actividade da oficina e labores administrativas xerais" e o terceiro que varios módulos do curso teñen relación directa coa función de información e asistencia a persoas visitantes e turistas, e tamén coa de visitas interpretadas a centros educativos, asociacións culturais e outros colectivos".

O tribunal reunido para analizar a procedencia da revisión solicitada, entende que a todas as candidatas se lles puntuou a fase concurso, respectando o principio de igualdade, puntuando só os cursos de formación relacionados directamente coas funcións a desenvolver, consonte á base VIII, proceso selectivo, segunda fase concurso, e as funcións do posto veñen perfectamente definidas na base III. Os cursos que solicita se puntúen nesta fase se consideran que non están relacionados coas funcións do posto, o primeiro claramente non cumple este criterio, ao acreditar a aptitude pedagóxica; o segundo non está relacionado directamente coas funcións a desenvolver, xa que se presume que co requisito esixido de titulación para poder ser admitido nas probas selectivas as candidatas teñen uns coñecementos transversais de ofimática para as funcións que teñen que desenvolver no posto; e o terceiro evidentemente non está relacionado co posto de traballo, xa que o igual que o anterior as titulacións que cumplen o requisito de admisión ás probas teñen son universitarias, e os postos a cubrir son de "técnico/a de turism", e polo tanto non se pode puntuar un curso de "Azafata de congreso". E así se fixo coas restantes candidatas, en igualdade, valorando só os directamente relacionados coas funcións do posto de técnica de turismo.

- Polo que o Tribunal acorda denegar a revisión solicitada consistente na valoración dos cursos "Curso de Aptitude Pedagóxica (CAP)" de 150 horas, "Certificado galego de competencias dixitais en ofimática" e "Azafata de congreso".

En Pontevedra, a 18 de xuño de 2021.

A presidenta,

Os/as vogais:

O secretario